



Modificación da “Instrucción da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente, de 02/09/2022, sobre a interpretación de determinados artigos da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudiantes de estudios oficiais na UDC”.

Á vista dos expedientes tramitados dende o inicio do curso académico 2022/2023, relacionados coa aplicación da norma citada, considérase necesario realizar modificacóns sobre a Instrucción desta Vicerreitoría, ditada con data do 2 de setembro de 2022.

DISPOÑO:

Modifícase o apartado I. **Instrucción sobre a interpretación dos artigos 3, 5 e 12**

Onde di:

O artigo 3, nos seus apartados 2, 3 e 4, e o artigo 5 da “Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e progresión dos estudiantes de estudios oficiais na UDC” establecen os requisitos de progresión académica que deben de cumplir os estudiantes de continuación de estudos de Grao e Máster, respectivamente, recollendo o seguinte:

Artigo 3. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Grao.

[...]. 2. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.

3. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.

4. Aquel estudiante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2 e 3 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

Artigo 5. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Máster Universitario.

[...]. 3. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres anos académicos.

4. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres anos académicos.

5. Aquel estudiante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2, 3 e 4 anteriores, non podrá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante podrá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

Código Seguro De Verificación	i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	24/04/2023 14:54:02
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Debe dicir:

O artigo 3, nos seus apartados 2, 3 e 4, e o artigo 5 da “Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e progresión dos estudiantes de estudios oficiais na UDC” establecen os requisitos de progresión académica que deben de cumplir os estudiantes de continuación de estudos de Grao e **os estudiantes de Máster de primeiro curso por primeira vez e de continuación de estudos**, respectivamente, recollendo o seguinte:

Artigo 3. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Grao.

- [...]. 2. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.
3. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.
4. Aquel estudiante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2 e 3 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudios na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

Artigo 5. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Máster Universitario.

1. Os estudiantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo completo, deberán superar nese curso académico polo menos 18 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 12 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.
2. Os estudiantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo parcial deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 6 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.
3. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres anos académicos.
4. Os estudiantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres anos académicos.
5. Aquel estudiante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2, 3 e 4 anteriores, non podrá proseguir os mesmos estudios na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

Onde di:

Artigo 12. Incumprimento das normas de permanencia

.../...

Esta situación está a orixinar diferencias de interpretación entre os distintos Centros á hora de aplicar a normativa de permanencia aos seus alumnos de continuación de estudos, polo que se establece a seguinte interpretación dos efectos do incumprimento das normas de permanencia para os estudiantes de continuación de estudos de Grao e Máster:

.../...

Código Seguro De Verificación	i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	24/04/2023 14:54:02
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Debe decir:

Esta situación está a orixinar diferencias de interpretación entre os distintos Centros á hora de aplicar a normativa de permanencia **ao alumnado**, polo que se establece a seguinte interpretación dos efectos do incumprimento das normas de permanencia **para os estudantes de Grao e Máster**:

.../...

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	24/04/2023 14:54:02
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i/bsv1dd0v1p8c/h+wCa9Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

